



Lavadeiras ||| daboapipa*

Presentación do proxecto

“Preocuparse polas lavandeiras é facelo pola xente miúda, polas heroínas anónimas, por un conxunto de mulleres das que a penas ninguén se ocupou e que esixe unha restauración da cultura popular.”

É por iso que nace *Lavandeiras*, un espectáculo onde a narración oral se mestura coa música para dar lugar a unha proposta que lles devolva ás donas dos ríos o recoñecemento que poucas veces tiveron, unha proposta para achegar á súa realidade o público disposto a escoitar.

É tanto o que rodea á figura da lavandeira que teríamos para incontables horas de fala e canto, daría para namorar lavando. Temáticas inesgotables, enfoques diversos que van dende a nosa riqueza lingüística ao redor da auga até a consideración histórica e social da muller, pasando polo folclore ou a hidrotponimia.

Lavandeiras, sempre adoecidas e molladas: barriga, mans, xeonllos. Sempre cantando, falando, creando. Mulleres traballadoras anónimas que lavaban en pensións, colexios, conventos e para casas de ricos. E no final da lista, sempre de últimas, para elas. É por iso que hoxe serán as primeiras, serán o eixo central desta proposta de narración oral e musical. Contos e cantos dedicados a todas as formas da súa figura.



Contexto teórico: Do oficio ao imaxinario colectivo

UNHA FIGURA A RECUPERAR

A imaxe das lavandeiras ás beiras do río forma parte do noso imaxinario colectivo, unha imaxe que pasou paulatinamente do cotiá á memoria coa introdución dos electrodoméstico nas últimas décadas do século XX. Até ese momento, o lavado da roupa desenvolvíase fóra da vivenda e del encargábanse as chamadas lavandeiras, mulleres que recollían as prendas nas casas para frotalas despois no río

O oficio esmoreceu coa chegada das lavadoras a partir dos anos sesenta. Non obstante, a súa mingua foi aos poucos e mesmo a día de hoxe, nalgúns lugares aínda non se conta con ela, polo que algúns lavadoiros –noutroira fervedores da actividade- seguen a manter unha faísca do seu pasado. Son xa excepcións, xa que a maioría atópanse en desuso e mesmo en estado de abandono, agudizado o deterioro polo despoboamento do rural.

Pouco queda xa da vida dos lavadoiros, lugares que coma o muíño ou os fornos, funcionaron durante séculos como espazos de encontro para as mulleres, destinadas a este tipo de traballos que realizaban en comunidade e no cal investían gran parte do día. Coa chegada da lavadora mudaron non só as técnicas de lavado, senón as dinámicas sociais. Dese xeito, transformouse o ámbito das tarefas do fogar -antes desenvolvidas en parte nos lavadoiros de forma colectiva e a partir dese momento levadas a cabo na intimidade das vivendas- e facilitouse -pouco a pouco e co paso das décadas- a incorporación da muller ao ámbito laboral alleo ao domicilio.

AS LENDAS AO REDOR DO OFICIO

Técense coa natureza intanxible co que se conforman as lendas en Galicia. Ás beiras dos ríos, baixo a lúa chea, en noites de mal agoiro. Así xorden a meirande parte dos espíritos, así agroman as lavandeiras. Son o lado tenebroso dun oficio icónico da nosa cultura, o espello máxico do cotiá.

A tradición cóntanos que son mulleres que morreron no parto, que abortaron, que permitiron que os seus fillos finasen sen o bautismo ou que atentaron contra a vida dos nenos. Sufrindo as consecuencias do infortunio, esixen axuda aos vivos para escorrer as súas sabas. Están cubertas de sangue, dun sangue tan espeso e claro que xamais se poderá limpar. Nin elas nin quen decida socorrelas na

empresa, quen ha de traballar nas sabas en sentido contrario o das lavandeiras. Se acompasa os ritmos, a mala sorte cebarase con un.

Vencellado habitualmente á morte e ao sangue, trátase dun mito común en Europa. O patrón repítese, a grandes trazos, coas imaxes de mulleres vellas, corcovadas, de face seca e arruñada. Viven nas fontes e adoitan manifestarse baixo a lúa.



UN EXEMPLO EN PONTEVEDRA

As lavandeiras das que lles vou achegar noticia non aprontan bogadas, nin rexouban nos lavadoiros, nin poñen a roupa a clareo, nin compiten pola brancura; tampouco teñen nada que ver co paxariño rabilongo tamén coñecido por “costureira”, “pastoriña” ou “zarapetelo”, e tampouco co egrexio Ramón Lavandeira de Cavenca, mestre e músico, director dunha das bandas de Cerdedo.

Filgueira Valverde (Letras Galegas 2015) amentounas na súa novela *O Vigairo* (1927) batendo panos no lavadoiro do Peilán, na beira do río dos Gafos de Pontevedra. Das inicuas lavadeiras moito sabe **Antonio Reigosa** quen lle dedicou unha entradiña no seu *Dicionario dos seres míticos galegos*. Leo, daquela, na enciclopedia do amigo Reigosa: “Mulleres vellas, de rostro seco e engurrado, que viven nas fontes. Acostúmanse a ver de noite lavando. Se alguén pasa, convidano a torcer a roupa. Se o camiñante acepta, ten que procurar non torcer no mesmo sentido ca elas, pois, se o fai, as desgrazas sucederanse e mesmo pode morrer. A roupa que lavan está manchada de sangue que nunca se vai. Crese que son espíritos de mulleres mortas no parto, das que abortaron, ou nais de nenos mortos sen bautizar. Velas é de mal agoiro”.

Na folliña do meu *Almanaque* (2005) dedicada ao mito da lavadeira recollido en Cerdedo, engadín que no ano 1904, o escritor e investigador pontevedrés **Vítor Said Armesto** (1871-1914), o primeiro catedrático de lingua e literatura galego-portuguesa, enfrascado na recolleita de romances populares ao longo e largo do país, escoitou de Lucía Domínguez, unha mendiga cerdedense de 68 anos, un inédito cantar que, a seguir, reproduzo: “*Era unha noite de lúa, era unha noite clara; eu pasaba polo río de volta da muiñada. Topei unha lavadeira que lavaba ao par da auga; ela lavaba no río e unha cantiga cantaba: – Moza que vés do muiño, moza que vas pola estrada, axúdame a retorcer a miña saba lavada. – Santa María te axude e san Lourenzo te vallal; desaparece a lavadeira como fumeira espallada. Onde as sabas tendera, poza de sangue deixara; era unha noite de lúa, era unha noite clara*”. Lucía Domínguez legounos a única versión completa desta orixinalísima composición, posto que non se coñecen interpretacións do tema noutras linguas.

Podo asegurarlles, sen medo a trabucarme, que, a carón das lendas do Castro Grande do Seixo, do peto de ánimas de Vichocuntín, da ponte romana de Pedre; a carón da igrexa parroquial de Quireza, da eira da Ermida de Filgueira, da necrópole do Campo dos Cans de Loureiro; a carón do verbo dos canteiros, da arquitectura dos mestres Domingos Monteagudo ou Pedro de Arén, o fermoso romance co que a esmoleira Lucía Domínguez agasallou ao estudoso Said Armesto é a achega máis notábel que Cerdedo, no eido cultural, ten ofrecido ao patrimonio da galegitude e por suposto, á humanidade enteira. O “**Romance da lavadeira**” é todo un clásico da música galega, mais ninguén valorou na súa xusta medida o mérito de quen nolo transmitiu. É ben certo aquilo que din de que “O pobre non vai ao concello nin se toma o seu consello”.

O “Romance da lavadeira” foi envasado en vinilo polos non menos míticos **Fuxan os Ventos**. O tema, musicado por Xosé Luís Rivas “Mini”, incluíuse no seu longa duración *Quen a soubera cantar* de 1981. Teriamos que agardar até o ano 1999 para que o noso gaitero máis internacional, **Carlos Núñez**, reparase neste melindre cerdedense e o versionase no seu segundo CD *Os amores libres*. Baixo o título “A lavadeira da noite”, Núñez alentou a música e a cantante israelí **Noa** aqueceu a letra coa súa celmosa voz. Ese mesmo ano, o grupo **Nordés** interpreta a versión de Fuxan no seu disco *Egobarros namarinos*. Un ano despois, no 2000, os morracenses **Astarot** gravaron unha versión “heavy” da peza, inserida no seu traballo *O sentir dunha terra*. Finalmente, en 2003, a uruguaia de orixe galega Cristina Fernández recunca co *Romance da lavadeira da noite* no seu disco *Lembranza*. Agardamos pacientes pola réplica d’Os Abrentes de Cerdedo.

Calros Solla (Cerdedo)



O espectáculo:

Lavandeiras será un espectáculo creado *ad hoc* e cunha técnica teatral a medio camiño entre o conto e o teatro máis tradicional. Contará con música ao vivo, lendas, cantos e contos. Unha mestura ben axustada na procura dun espectáculo ameno que non se esqueza de ensinarnos cousas sobre as nosas historias, os nosos valores e a nosa tradición.

1.1 Elenco

- Unha música ou músico.
- Dúas contadoras.
- Outras posibilidades:
 - » Unha contadora + un músico.
 - » 2 contadoras.

1.2 Posta en escena

Fresca coma a auga. Limpia coma as sabas ao clareo. Con música ao vivo, coma vivo é o cantar das lavandeiras. Con luz básica pero efectiva, coma a do día a día en Galicia.

A escena irána construíndo as propias contadoras, entrando cos baldes de cinc, coas sabas para tender. Mentres se cantaxa, téndense nun tendal de madeira e corda previamente posto en escena. Así quedaría construída unha pantalla natural, para



xogar con luces e sombras. Serviría tanto para proxectar coma para semi-agochar á música, de ser preciso.

Sen saturación de elementos. Os propios baldes de cinc servirían coma asentos logo para as contadoras. Búscase a multifuncionalidade dos elementos, para contar cos mínimos posibles, achegándonos así máis a unha proposta tradicional de narración oral.

Unha táboa de lavar, como elemento de percusión. En canto vestuario: cor branco, prendas tradicionais traídas aos nosos días.

1.3 Música

Ademais de cantigas de tradición oral, coplas e romances (*A lavadeira da noite, Marica se vas o río lavar...*) contamos con composicións propias da man de Santi Prieto. Sempre inspiradas en ritmos e instrumentos tradicionais.

Non faltarán coma sempre nas nosas propostas, utensilios do cotiá voltos instrumentos: percusións coas táboas de lavar, os xa citados baldes e asubíos que nos lembrarán as lavadeiras de fermosa feitura, longa cola e movemento de vaivén de cabeza e rabo, que tanto lembra ao das lavadeiras.



1.4 A compañía

Levamos a palabra aquí. Chegamos coa música acolá. Trátase de sentir, vibrar, soñar...

QUEN SOMOS?

Daboapipa é unha compañía de recente formación. Sen poder concretar o instante exacto no que naceu, a formación agromou no verán de 2013 cando, de forma casual, o rodar da vida xuntou o amor pola literatura e a palabra dita co amor pola música e o universo da infancia. E aquí estamos facendo viaxar a nenos e maiores polas nosas historias.

QUE FACEMOS?

Narramos, cantamos e musicamos historias, contos escoitados nalgún lugar, escritos nalgún libro, nados dende algún lugar do ser. Fusionamos o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para crianzas, familias e público adulto.



O EQUIPO



Vero Rilo conta con ampla formación e fonda experiencia como educadora infantil en Galicia e Portugal dentro da Rede de Escolas Galiña Azul e de aquí vén a súa profesión de contadora. Tras moitas horas de contadas, gargalladas e historias para “pequenas audiencias” decídese a profesionalizarse e contar

e cantar para o público creando *Daboapipa*. Cursou estudos de iniciación o teatro da man de Carlos Neira, cursos de Improvisación con Antón Coucheiro e outros específicos como contadora con mestres coma Charo Pita ou Tim Bowley.



Santi Prieto estudou solfexo, piano e harmonía no Conservatorio de Santiago de Compostela. Cursou acordeón da man de Santi Cribeiro (Berrogüeto) e participou en numerosas formacións movéndose en estilos que van dende a música tradicional folk ata o rock. En *Daboapipa* faise cargo da creación,

composición e interpretación musical de instrumentos como o acordeón, guitarra, flauta e un montón de trebellos simpáticos e orixinais.



Textos e autores

Ademais da recollida oral e os textos de creación propia, actualmente estase traballando coa seguinte bibliografía:

- » AA. VV. (1986): *Cancioneiro popular Galego. I: Oficios e Labores*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- » BOUZA REY, F. (1982): *Etnografía y folklore de Galicia*. Xerais.
- » CABANILLAS, R. (1973): *Cancioneiro Popular Galego*. Galaxia.
- » CARNEIRO REY, J.A. (2004): "Fontes para o estudo da toponimia de Mugar dos" Cátedra. Revista Eumesa de Estudos, nº 11; pp 169-208
- » CARNEIRO REY, J.A. e RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, M.A. (2004): *Historia de Mugar dos*. Concellería de Cultura de Mugar dos.
- » CASTRO DE MURGUÍA, R. (1974): *Cantares Gallegos*.
- » GARCÍA GONZÁLEZ, F. (2004): "Fontes, lavadoiros e pozos no municipio de Ares" Cátedra. Revista Eumesa de Estudos, nº11; pp 89-111
- » REIGOSA, A., MIRANDA, X. e CUBA, X. (2001): *Contos colorados*. Xerais
- » REIGOSA, A., MIRANDA, X. e CUBA, X. (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*. Xerais
- » REIGOSA, A., MIRANDA, X. e CUBA, X. (2001): *Pequena mitoloxía de Galicia*. Xerais
- » RIAL GARCÍA, S. M. (1995): *Las mujeres en la economía urbana del Antiguo Régimen: Santiago durante el siglo XVIII*. Edicións do Castro.
- » RIPALDA, X.L. (2009): *Cultura fluvial en Galicia*. Galaxia.
- » RIPALDA, X.L. (2006): *O libro das fontes*. Xerais
- » RIVAS, M. (2005): *O lapis do carpinteiro*. Xerais
- » TEIJEIRO REY, X.X. (2002): *Seres galegos das augas: mitoloxía comparada*. Toxosoutos.
- » VEGA CERQUEIRO, M. (2002): *As lavandeiras, lendas e imaxes das donas do río*. A Nosa Terra
- » YEOMAN, J. (2009): *Las lavanderas locas*. Océano Travesía.
- » ANTUÑA SOUTO, C.A. (2005): "Unha pequena homenaxe ás lavandeiras de Redondela durante a guerra civil" SEREN Seminario de Estudos Redondeláns, nº2; pp 125-154

Lavadeiras ||| da boapipa

Contratación:
981 582 836
info@culturactiva.org



www.culturactiva.org